Ao Presidente da Xunta de Galicia

Envíeselle copia á Presidenta Parlamento de Galicia e a cada unha das Consellerías da Xunta

O litoral de Corrubedo mantívose incólume dende tempos inmemoriais e forma parte do patrimonio natural en estado virxe de todos os galegos e galegas. Os abaixo asinantes rexeitamos calquera tipo de contrución industrial tanto no cabo Corrubedo coma na Laxe Brava –ou O Corgo– e esiximos que quede preservado para as xeracións vindeiras. Especialmente facemos referencia ao parque número 9 –Laxe Brava– do Plan Acuícola de Galicia. Por todo isto, manifestamos e reclamamos:

A nosa oposición a calquera tipo de Parque Acuícola ou outro tipo de industria no litoral virxe da costa de Corrubedo. Queremos un desenvolvemento sustentábel en consonancia cos valores naturais do senlleiro cabo e que non se castigue a preservación histórica e os usos agrogandeiros tradicionais na parroquia de Corrubedo (Concello de Ribeira).

Reclamamos a **ampliación inmediata do LIC do Complexo Húmido de Corrubedo (Natura 2000) a toda a zona do cabo homónimo e do Corgo ou Laxe Brava**. A zona Natura 2000 no litoral da Laxe Brava é totalmente insuficiente, pois protexe unha franxa costeira moi estreita e sensíbel, de xeito que calquera actividade achegada lle pode afectar.

Corrubedo, verán de 2007

Nome e apelidos	DNI	Sinatura

Segue ao dorso >>>>>>

Nome e apelidos	DNI	Sinatura